

Orde do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026 (código de procedemento TR349V).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a dita Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Corresponde pois, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o exercicio orzamentario 2026, a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, da Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego e do Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno (PAFED).

Así mesmo, a disposición adicional do Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, que regula os programas comúns das políticas activas de emprego, as comunidades autónomas poderán desenvolver programas propios adaptados á realidade do seu ámbito territorial, que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén a desenvolver neste caso para incentivar e favorecer a contratación de persoas desempregadas por parte de persoas traballadoras autónomas ou profesionais, para promover a consolidación do emprego autónomo creando novos empregos estables.

En Galicia en sintonía coa situación xeral en Europa o desemprego xuvenil representa un perigo para o equilibrio xeracional, e o risco de exclusión sociolaboral dos colectivos máis



vulnerables, con especial énfase no desemprego de longa duración, e o mesmo cabe dicir da persistencia da desigualdade de xénero. É importante sinalar que as persoas mozas traballadoras son dos colectivos máis prexudicados coas sucesivas crises económicas. No mercado de traballo español téñense, ademais, que enfrontar á precariedade da súa contratación e ao requisito da experiencia laboral previa para poder acceder ao mercado laboral.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 4 busca asegurar as capacidades das persoas.

En consecuencia, estas bases reguladoras enmárcanse na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo, polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico asegurar as capacidades das persoas (obxectivo estratéxico 4) e intégrase, polo tanto, no programa Persoas e talento da RIS3 de Galicia e no programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O obxecto desta norma, ten como finalidade a contratación de persoas mozas maiores de 16 e menores de 30 anos, investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i en empresas que invistan en investigación e innovación e centros privados e I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida,



nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal. As actividades obxecto das axudas enmarcadas nesta orde desenvolveranas as persoas mozas sinaladas, entre outras, en iniciativas relacionadas coa sanidade, a transición ecolóxica e a economía verde (enerxías renovables, eficiencia enerxética, tratamento de augas e residuos e industria agroalimentaria), a dixitalización de servizos e enxeñaría de datos ou science data, así como proxectos de investigación destinados ás áreas sociais, culturais, artísticas ou calquera outro ámbito de estudo. Con este programa revértese na sociedade a alta formación de tecnólogos e tecnólogas.

Estas axudas ampáranse, segundo o sector ao que pertencen as persoas empregadoras e empresas beneficiarias e o ámbito da súa actividade, no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 15.12.2023, Serie L), no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE 24.12.2013, L352/9), e no Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE 28.06.2014, L190/45).

En canto ao procedemento de concesión, establécese un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas nun único procedemento senón que a concesión da axuda se realiza pola comprobación da concorrencia na persoa solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Esta Orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001 e o artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a concesión



das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Así mesmo, esta orde tramitase de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 17 de outubro de 2025; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego.

Estas bases reguladoras cumpren cos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e, en concreto, no relativo aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas.

En consecuencia, e logo de informado o Consello Galego de Relacións Laborais e dos informes favorables da Dirección Xeral de promoción da Igualdade, da Axencia Galega de Innovación, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude das atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*



1. A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións do Programa Investigo, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o exercicio 2026 (código de procedemento TR349V).

Será obxecto das subvencións reguladas na presente norma a contratación de persoas mozas, de 16 ou máis anos e que non fixesen os 30 anos no momento de comezar a relación contractual, por parte de persoas empregadoras ou empresas que estean a investir na realización de iniciativas de investigación e innovación recollidas nesta norma, así como polos centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida, nos seus estatutos, no seu obxecto social ou normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal.

2. O ámbito de aplicación desta orde esténdese a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. As entidades beneficiarias deberán ter o seu domicilio social en España e centro de traballo en Galicia.

Artigo 2. Actividades e ocupacións de cobertura preferente.

1. As actividades obxecto das axudas enmarcadas nesta orde serán desenvolvidas polas persoas capacitadas para levar a cabo proxectos de investigación en calidade de investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i, facilitando a súa inserción laboral para contribuír a incrementar a competitividade da investigación e a innovación.

2. As iniciativas de innovación e investigación e as dos departamentos de I+D+i desenvolveranse, entre outras, en ocupacións referidas á transición ecolóxica, á economía verde (enerxías renovables, eficiencia enerxética, tratamento de augas e de residuos e industria agroalimentaria), e á dixitalización de servizos, á enxeñaría de datos e data science, así como a outras tarefas encadradas no marco da Estratexia de especialización intelixente RIS3 2021-2027. Con este programa revértese na sociedade a alta formación deste persoal. Ademais as iniciativas poderán desenvolverse en ocupacións referidas a sanidade e investigación.

Artigo 3. Financiamento





1. O financiamento efectuarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos créditos consignados no código de proxecto 2024 00077, cun importe de 4.817.400 €, desagregado nas seguintes aplicacións orzamentarias:

14.02.322C.470.0: 3.817.400 €

14.02.322C.480.10: 1.000.000 €

2. A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e o artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución e, así mesmo, todos os actos ditados no expediente enténdense condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron.

3. Os ditos créditos estimados poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo da aprobación, se é o caso, da modificación orzamentaria que proceda. Os incrementos de crédito serán obxecto da oportuna publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Conforme ao artigo 31 do Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, pódese alterar a distribución entre distintos créditos sen modificar a contía total máxima e a redistribución precisará unicamente das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación desta modificación nos mesmos medios que a convocatoria.

5. A contía máxima deste crédito para esta convocatoria poderá incrementarse, condicionando o dito incremento á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de



remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, e dunha transferencia de crédito, ao tratarse dunha convocatoria de concorrencia non competitiva.

Artigo 4. Entidades beneficiarias da subvención e requisitos

1. Poderán ter a condición de entidades beneficiarias da subvención:

a) As persoas empregadoras e empresas pertencentes ao sector privado radicadas en Galicia que estean a investir na realización de iniciativas de investigación e innovación, incluídas as empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica atendendo ao previsto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).

b) Os centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida, nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal.

2. As entidades beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter o seu domicilio social en España e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións, das súas obrigacións tributarias, tanto coa Administración estatal como coa Administración Autonómica, e fronte á Seguridade Social.

c) As empresas que teñan cincuenta ou máis persoas traballadoras deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dea ocupación, polo menos, ao 2 % de traballadores e traballadoras con discapacidade sobre o total das persoas traballadoras ou, na súa falta, as medidas de carácter excepcional establecidas no artigo 42 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e reguladas no Real decreto 364/2005, do 8 de abril (BOE núm. 94, do 20 de abril). Para o cómputo do número de persoas traballadoras da empresa teranse en conta as regras previstas na disposición adicional primeira do devandito real decreto.



d) Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde as entidades e centros que estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Dispoñer, cando así se estableza conforme á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, dun plan de prevención de riscos laborais.

f) Non ter sido sancionadas, en virtude de resolución administrativa ou sentenza xudicial firme, por falta grave ou moi grave en materia de prevención de riscos laborais, durante o ano inmediatamente anterior á data de solicitude da subvención.

g) Elaborar e aplicar un plan de igualdade, cando resultase obrigatorio de acordo co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

h) Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde as entidades consideradas empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do regulamento (UE) Nº 651/2014 do 17 de xuño, da Comisión.

i) Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde as persoas empregadoras ou empresas que incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 31 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

Esta circunstancia acreditarase no momento da solicitude mediante declaración responsable da persoa solicitante, sen prexuízo de que as sociedades que, de acordo coa normativa contable, non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada deberán acreditar o cumprimento dos prazos legais de pagamento mediante certificación, emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

Serán gastos subvencionables os custos laborais e salariais, incluíndo os gastos de cotización por todos os conceptos á Seguridade Social, das persoas mozas que sexan



contratadas para o desenvolvemento e execución das iniciativas de investigación e innovación do Programa Investigo.

As actividades de investigación e innovación que realice o persoal contratado deberán desenvolverse en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

O período subvencionable será de 12 meses.

1. As persoas traballadoras contratadas ao abeiro desta orde deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter 16 ou mais anos e non ter cumprido os 30 anos no momento da contratación.
- b) Estar desempregadas e inscritas como demandantes de emprego de acordo co establecido no artigo 17.1 desta orde.
- c) Ser contratadas mediante contrato indefinido e a xornada completa.
- d) Ser contratadas con posterioridade á data da solicitude da axuda.
- e) Dedicarse de xeito exclusivo á iniciativa de investigación e innovación sinalada na solicitude.
- f) Dispor dos estudos precisos que lles outorguen as capacidades e competencias necesarias para levar a cabo o programa de investigación.

Para os efectos do disposto nesta orde as persoas traballadoras deberán ser contratadas nos seguintes grupos de cotización en función da súa titulación/categoría profesional:

Titulación/categoría profesional	Grupo de cotización
Enxeñeiros, licenciados, persoal de alta dirección	1
Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados, diplomados	2
Xefes administrativos e de taller (técnicos especialistas)	3





Axudantes non titulados	4
Oficiais administrativos	5

1. A concesión das subvencións, así como a súa xustificación, realizarase a través do réxime de módulos, de acordo co establecido nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Para implementar o devandito réxime de módulos establécense os seguintes módulos, configurados considerando o custo unitario validado pola Intervención Xeral do Estado para este programa, por persoa contratada participante no Programa Investigo.

O importe da subvención calcularase en función das previsións recollidas no proxecto: número de persoas que se van contratar, e meses de contratación de cada unha delas e o módulo segundo o grupo de cotización da Seguridade Social que corresponda, de acordo co seguinte cadro:

Titulación/categoría profesional	Grupo de cotización	Custo mensual	Total anual
Enxeñeiros, licenciados, persoal de alta dirección	1	2.759,07 €/mes	Módulo B: 33.108,84 €/ano
Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados, diplomados	2	2.759,07 €/mes	Módulo B: 33.108,84 €/ano
Xefes administrativos e de taller (técnicos especialistas)	3	2.759,07 €/mes	Módulo B: 33.108,84 €/ano
Axudantes non titulados	4	2.759,07 €/mes	Módulo B: 33.108,84 €/ano



Oficiais administrativos	5	1.867,16 €/mes	Módulo A: 22.405,92 €/ano
--------------------------	---	-------------------	---------------------------------

2. A entidade beneficiaria deberá realizar, polo menos, un (1) contrato incluído no módulo B, para garantir o proxecto de investigación.

3. As subvencións reguladas na presente orde serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade, pública ou privada.

4. O número máximo de contratos que se van subvencionar establécese en 3.

Artigo 6. Exclusiones

Quedan excluídas dos beneficios desta orde:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de persoas traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou do empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e as fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas, e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. Os contratos fixos-discontinuos.



4. Os contratos realizados con persoas traballadoras que tiveran desempeñado nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio do contrato, calquera tipo de posto na mesma empresa ou grupo de empresas. Non se terá en conta para este cómputo as bolsas ou programas de formación en empresas que ofrezan prácticas a estudantes e novas persoas tituladas para facilitar a súa inserción laboral.

5. Os contratos efectuados con persoas mozas cuxos contratos foron subvencionados ao abeiro do Programa Investigo nas convocatorias dos anos 2022, 2023, 2024 e 2025.

Artigo 7. Réxime e inicio do procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia non competitiva.

2. O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Emprego da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

3. As resolucións de concesión dítaranse por orde de presentación de solicitudes, unha vez realizadas as comprobacións de concorrencia da actuación subvencionable e o cumprimento do resto de requisitos exixidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario asignado na convocatoria.

Artigo 8. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes de concesión de subvencións dirixiranse á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Presentarase unha única solicitude por entidade para todas as contratacións que se van realizar.

As solicitudes presentadas fóra do prazo previsto na convocatoria darán lugar á súa inadmisión.

2. As solicitudes presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



Estes formularios só terán validez se están debidamente asinados por quen represente legalmente a entidade correspondente ou persoa debidamente acreditada.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras, así como a aceptación da axuda.

4. Será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información.

Artigo 9. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde será dun mes que comezará ás 09:00 horas do quinto día hábil posterior ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e rematará ás 20:00 horas do último día.

Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>

Artigo 11. Documentación complementaria



1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Cando se actúe mediante representación, acreditación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, só no caso que non estea inscrito no Rexistro xeral de apoderamentos de Galicia. Os poderes inscritos no dito rexistro poderán ser comprobados de oficio polo órgano xestor.

b) Documento constitutivo da entidade, onde conste a I+D+i como a súa actividade principal ou, no caso de non constar a I+D+i como a súa actividade principal, memoria descritiva na que conste o proxecto de I+D+i no que está a investir a empresa, segundo o modelo que figura na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

c) Os centros que se sinalan no artigo 4.1.b) desta orde deberán presentar copia do documento constitutivo, estatutos ou normativa da entidade, onde conste a I+D+i como a súa actividade principal.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

2. Forma parte da solicitude a declaración responsable que contén e na cal fan constar, entre outros, os aspectos seguintes:

a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, especificamente, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

b) O conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.



c) Os datos do proxecto ou actividade de investigación ou innovación que se vai realizar en que se recollerá, así mesmo, a descrición das actividades que van realizar por cada unha das categorías profesionais que se pretende contratar, e a duración e o número de contratos; así como as previsións dos custos do programa.

d) Que dispón, cando así se estableza conforme á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, dun plan de prevención de riscos laborais.

e) Que non ten sido sancionada, en virtude de resolución administrativa ou sentenza xudicial firme, por falta grave ou moi grave en materia de prevención de riscos laborais, durante o ano inmediatamente anterior á data de solicitude da subvención.

f) Que elaborou e aplicou un plan de igualdade, cando resultase obrigatorio de acordo co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

g) Que cumpren os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

h) Que cumpre coa cota de reserva para persoas con discapacidade, nos termos establecidos no artigo 42 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e reguladas no Real decreto 364/2005, do 8 de abril, cando se trate dunha empresa que teña cincuenta ou máis persoas traballadoras.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas.



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante
- b) NIF da entidade solicitante
- c) NIF da entidade representante
- d) Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social
- e) Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia
- f) Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria
- g) Consulta de todos os códigos conta de cotización da entidade solicitante
- h) Consulta de concesións pola regra *de minimis* ampliado
- i) Servicio de consulta concesións ampliado
- j) Servicio de consulta de axudas do estado
- k) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas



l) DNI ou NIE da persoa traballadora contratada

m) Informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia da persoa traballadora contratada

n) Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social da persoa traballadora contratada

ñ) Contrato laboral da persoa traballadora pola cal se solicitou a subvención

o) Consulta de títulos oficiais universitarios, segundo proceda, da persoa traballadora contratada.

p) Consulta de títulos oficiais non universitarios, segundo proceda, da persoa traballadora contratada.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente, habilitado no formulario correspondente, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. *Instrución e tramitación*

1. O órgano instructor realizará, de oficio, cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, de concorrencia da actuación subvencionable e do cumprimento do resto de requisitos exixidos, en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2. En aplicación dos principios de eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e ao ser unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, a orde de prelación para a resolución das



solicitudes virá determinada pola data en que se presentou a documentación completa requirida nestas bases reguladoras

3. De conformidade co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na resolución de convocatoria, a Subdirección Xeral de Emprego requirirá á persoa ou entidade interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, e indicarlle que, se non o fai, teráselle por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, en calquera fase do procedemento poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e a documentación que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

5. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non se presente nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

6. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase ao seu arquivo sen posibilidade de emenda, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido nesta convocatoria.

Artigo 14. *Resolución*

1. O órgano instructor elevará a proposta de resolución á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, quen resolverá a concesión ou denegación da axuda mediante resolución motivada e individualizada, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

2. O prazo de resolución e notificación será, como máximo, de dous meses, contados a a partir da data de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3. A resolución administrativa conterá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Contía da subvención que se vai outorgar, indicando o número de persoas que contratarán.

b) Categoría, grupo ou nivel profesional, titulación requirida e tipo de iniciativa.

c) Localización xeográfica provincial das contratacións que se realizarán.

4. Dada a natureza da subvención, os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados non incrementarán o importe da subvención concedida.

5. As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

6. Será causa de denegación da concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado, para estes efectos, na aplicación orzamentaria fixada no artigo 3 desta orde.

7. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nesta orde esgotan a vía administrativa. Contra estas resolucións poderá interperse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, a teor do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

8. Os incrementos de crédito, así como o crédito liberado polas renuncias ou polas perdas do dereito ao cobramento das subvencións outorgadas, se for o caso, destinaranse á concesión de subvencións daquelas solicitudes que, por insuficiencia de crédito, non chegaron a obter subvención.

9. De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.



Na Resolución de concesión informárase ás persoas beneficiarias que estas axudas se someten ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, e aos Regulamentos (UE) núm. 717/2014, do 27 de xuño de 2014 (sector pesca e acuicultura) e núm.1408/2013, do 18 de decembro (sector agrícola).

Artigo 15. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia. De ser o caso, a Administración poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Modificación da resolución de concesión*





1. Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a súa modificación. A dita modificación deberá cumprir os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá fundamentarse en circunstancias sobrevidas tras a resolución e durante o prazo de execución da actividade subvencionada para cada entidade beneficiaria, así como formalizarse con carácter inmediato ao seu acaecemento e, en todo caso, antes da finalización do citado prazo de execución.

2. O órgano competente ditará a resolución en que acepte ou denegue a modificación proposta no prazo de dous meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen notificarse resolución expresa, a solicitude poderá entenderse desestimada.

As resolucións poderán retrotraer os seus efectos, como máximo, ao momento da presentación da solicitude de modificación. En todo caso, a modificación só se autorizará se non dana dereitos de terceiras persoas.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17. Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras

Na selección das persoas para contratar teranse en conta os criterios establecidos a continuación:

1. As persoas que se contratarán deberán ser persoas mozas de 16 ou máis anos e que non fixesen os 30 e que se atopen desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no servizo público de emprego de Galicia no momento de comezar a relación contractual. Ademais, deberán cumprir os requisitos exixidos para a modalidade de contrato que se formalice, axustándose ás circunstancias concretas de cada iniciativa, acorde coa lexislación vixente. Estes requisitos deberanse cumprir ao comezo da súa participación no programa.



Considérase persoa inscrita aquela que figure como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia con anterioridade ou no mesmo día da contratación que se subvenciona.

Considérase persoa que carece de ocupación aquela que non estea en situación de alta no día anterior á contratación que se subvenciona, segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional.

Non obstante, non se requirirá a inscrición no Servizo público de Emprego de Galicia no caso de persoas que se atopen nalgún dos casos contemplados no artigo 4.1.a) do Real Decreto-ley 1/2023, de 10 de xaneiro, de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas.

2. As persoas traballadoras obxecto de contratación seleccionaranse tendo en conta os seguintes criterios:

a) Adecuación entre a formación académica da persoa moza en relación ao programa de investigación que se desexa levar a cabo.

b) Dispor de estudos específicos relacionados coa materia para desenvolver, tales como másteres, graos ou calquera outro que lles outorgue maiores capacidades e competencias para levar a cabo o programa de investigación, sempre que os ditos estudos estean homologados polo Ministerio competente en materia de educación ou polo Ministerio competente en materia de universidades.

Artigo 18. *Selección e contratación das persoas traballadoras*

1. Para a cobertura dos contratos, as entidades beneficiarias poderán utilizar o Portal Emprego Galicia (<https://emprego.xunta.gal/portal/>) ou o Servizo Público de Emprego de Galicia, solicitando á oficina de emprego correspondente as persoas desempregadas para contratar.

Na oferta farase referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao contrato.



2. Unha vez efectuada a selección dos traballadores e das traballadoras, as entidades beneficiarias contratarán as persoas traballadoras seleccionadas, de acordo co previsto no artigo 5, utilizando a modalidade de contratación indefinida, nun grupo de cotización acorde coa formación requirida para o posto e as labores que vaia a desenvolver dentro da empresa.

3. Os contratos deberán ser comunicados no prazo de 10 días desde a súa realización, a través da aplicación Contrat@.

4. Os contratos deberán dar comezo antes do 30 de xuño de 2026, salvo en casos de forza maior ou por causas debidamente xustificadas, en que se poderá autorizar o aprazamento do inicio por parte da Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

5. A persoa moza contratada terá os mesmos dereitos que o resto de persoas traballadoras da entidade ou empresa, segundo o establecido no Estatuto dos traballadores, convenio colectivo de aplicación e contrato individual pactado. As entidades beneficiarias deberán facilitar ás persoas destinatarias a aplicación das medidas que teña xa implementadas para favorecer a conciliación da vida laboral, familiar, persoal e a igualdade de xénero.

6. A entidade beneficiaria comunicará por medio da sede electrónica á Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais o inicio dos contratos, a través do anexo II, no prazo de dez días hábiles desde o dito inicio.

No momento de presentación desta documentación, a persoa empregadora ou entidade beneficiaria deberá dispor dos documentos asinados pola persoa ou persoas contratadas, no que autorizan ou se opoñen á comprobación dos seus datos, conforme ao modelo do Anexo III. No caso de que se opoñan á consulta deberá comunicalo e presentar a correspondente documentación.

Así mesmo, deberá presentar debidamente cuberta a folla de cálculo denominada *Anexo A_ Datos ao inicio das contratacións* dispoñible na sede Electrónica da Xunta.

Artigo 19. *Xustificación e pagamento*



1. O pagamento axustarase ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e no que lle sexa de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. O pagamento do incentivo farase efectivo dunha soa vez, unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedido, a contratación de persoas mozas, de 16 ou máis anos e que non fixesen os 30 anos no momento de comezar a relación contractual, por parte de persoas empregadoras ou empresas que estean a investir en investigación e innovación na realización de iniciativas de investigación e innovación recollidas nesta norma, así como por parte dos centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida, nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal .

3. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa firme da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

4. As entidades beneficiarias, no prazo de 10 días dende o inicio das contratacións, presentarán, ante a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados, mediante o réxime de módulos de acordo ao previsto nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Esta xustificación incluírá a seguinte documentación que deberá presentar a entidade beneficiaria:

a) Anexo II: declaración complementaria e actualizada do conxunto de todas as axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de minimis obtidas, na cal se declara así mesmo que se dispón do documento asinado polas persoas contratadas (segundo o modelo do anexo III), no cal autorizan ou se opoñen á comprobación dos seus datos. O devandito documento poderá ser requirido pola Administración pública en calquera momento.



b) Unha fotografía do cartel informativo en que se reflicta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 21.

c) Folla de cálculo denominada *Anexo A_Datos ao inicio das contratacións* dispoñible na sede Electrónica da Xunta.

5. As entidades beneficiarias, no prazo de dous meses, computados, desde a finalización da obriga de mantemento das contratacións, presentarán ante a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados, mediante o réxime de módulos, de acordo co previsto nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que inclúa expresamente as establecidas no artigo 17.2 desta orde, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como do cumprimento segundo o modelo que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia. A memoria incluirá as actuacións realizadas polas persoas participantes contratadas.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas en función dos resultados obtidos, segundo o modelo que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia, que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

1º. Acreditación ou declaración da entidade beneficiaria sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo, de conformidade co previsto no artigo 5, especificando a este fin:

Persoas contratadas, distinguindo o grupo de cotización da Seguridade Social que corresponda e tempo de contratación de cada unha delas, segundo o especificado no punto 3 do artigo 5.

2º. Contía global da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os módulos recollidos no artigo 5, segundo o sistema de cálculo e cuantificación mediante custos unitarios establecido no devandito artigo.

A liquidación da subvención realizarase en función das persoas contratadas no proxecto, por ano (ou mes) de permanencia. En ningún caso a liquidación poderá superar a contía da subvención inicialmente concedida. O cálculo realizarase considerando o número de



persoas contratadas, por ano (ou mes) de permanencia e polo módulo económico correspondente, en función do grupo de cotización da Seguridade Social.

3º. Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, así como a acreditación de ingresar, de ser o caso, o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo.

c) Xunto coa anterior documentación presentar debidamente cuberta a folia de cálculo denominada *Anexo B_ DATOS AO REMATE DAS CONTRATACIÓNS* dispoñible na sede Electrónica da Xunta.

Con todo, segundo o disposto no artigo 55 do mencionado regulamento, as entidades beneficiarias estarán dispensadas da obriga de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obriga da entidade beneficiaria de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 11.f) da lei 9/2007, do 13 de xuño, así como de calquera outra obriga derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o exixa.

Artigo 20. Seguimento, control e avaliación

1. As entidades beneficiarias deberán someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 21. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán cumprir as seguintes obrigas:



a) Manter no seu cadro de persoal á persoa traballadora obxecto de subvención durante un período mínimo de trinta e seis meses contados dende a data de realización da contratación.

No suposto de extinción da relación laboral por baixa voluntaria, recoñecemento de discapacidade ou incapacidade laboral permanente total ou parcial, despido por non superar o período de proba, despido disciplinario procedente, xubilación ou falecemento dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, ou no caso de excedencias, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación pola que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que cause baixa. Para cumprir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

No suposto de que, durante o período subvencionable, se produza unha suspensión do contrato de traballo por un período máximo de 6 meses, esta dará lugar á suspensión do computo do período de mantemento do emprego previsto, retomándoo desde a data de restitución da xornada completa ata completar o período de 36 meses.

No suposto de que a suspensión se produza por un período superior a seis meses, será de aplicación o suposto de reintegro parcial establecido na letra g) do artigo 22.

No caso de que se produzan substitucións, a persoa beneficiaria deberá dispor dos documentos asinados pola persoa ou persoas contratadas, no que autorizan ou se opoñen á comprobación dos seus datos, conforme ao modelo do Anexo III. No caso de que se opoñan á consulta deberá comunicalo e presentar a correspondente documentación.

b) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Aboarlles ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e sexan acordes coa súa cualificación profesional e titulación.

d) Se é o caso, proporcionarlles ás persoas contratadas a roupa de traballo e os equipamentos necesarios e asegurar que se realizará o seu mantemento.



e) Para os efectos dun correcto seguimento do desempeño das tarefas subvencionadas, a entidade beneficiaria da subvención deberá manter unha planificación permanentemente actualizada respecto de cada unha das persoas traballadoras contratadas, no relativo ao lugar de realización do servizo e distribución do tempo de traballo. A dita planificación deberá estar á disposición da Administración actuante para achegala cando se lle requira.

f) Comunicarlle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, nun prazo de 10 días hábiles desde que se produzan, aquelas modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as persoas contratadas, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

g) Comunicarlle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.

h) Notificar a totalidade das axudas obtidas, dentro do réxime de minimis no que se encadra esta orde, debendo sinalar ademais cales destas foron obtidas para a mesma finalidade.

i) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dando publicidade á axuda concedida na páxina de inicio da web da empresa ou noutro sitio visible accesible desde a páxina de inicio, no caso de dispoñer dela, e colocar e manter durante un mínimo de 36 meses, un cartel, en cor e formato A3, nun lugar visible do lugar do traballo segundo o modelo que consta na Sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 22. Perda do dereito ao cobramento, reintegros, réxime sancionador e devolución voluntaria da subvención.





1. No caso de que a entidade beneficiaria da axuda incumpra algunha das condicións ou obrigacións estipuladas nesta orde, procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións ou, de ser o caso, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora, nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se deba reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: perda do dereito ao cobramento, de ser o caso, ou reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e a exixencia de xuros de demora.

b) Non realizar a actividade, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e a exixencia de xuros de demora.

c) Incumprimento das condicións establecidas nos artigos 17 e 18 desta orde de convocatoria para a selección e contratación das persoas traballadoras: perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e a exixencia de xuros de demora.

d) Procederá a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, o reintegro do 10 % da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

e) Procederá a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, o reintegro do 100 % da axuda percibida máis os xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incurrir a entidade beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas que financien as actuacións subvencionadas.

f) O atraso no cumprimento da obriga de satisfacer ao seu vencemento, con independencia do cobramento da axuda, as obrigas económicas de carácter salarial:



reintegro do 10 % do incentivo. Para o caso de reincidencia, entendendo como esta a segunda comisión deste incumprimento cunha mesma persoa traballadora: reintegro total do incentivo que corresponda á dita persoa.

g) No caso de incumprimento de mantemento do emprego polo período mínimo de 36 meses: reintegro total da axuda, agás no caso de baixa voluntaria, recoñecemento de discapacidade ou incapacidade laboral permanente total ou parcial, despido por non superar o período de proba, despido disciplinario procedente, xubilación ou falecemento da persoa traballadora que procederá a devolución parcial da axuda concedida de non optar a entidade beneficiaria pola substitución da persoa contratada, de xeito que a contía a reintegrar será a que corresponda ao período en que o posto estivo vacante.

Igual criterio de reintegro parcial procederá no caso de que se realizase a substitución nun prazo superior ao establecido na letra a) do artigo 21.

No suposto de que a substitución se efectúe cunha persoa que non cumpra os requisitos previstos no artigo 17 procederá o reintegro parcial da axuda polo tempo que restase para cumprir coa obriga de mantemento do emprego.

O cálculo do importe a devolver realizarase do seguinte xeito:

Primeiro. Divídese o incentivo polo número de días obrigatorios de mantemento de emprego (1.080 días).

Segundo. Calcúlanse os días desde que se produciu a baixa laboral ata a data en que se cumprirían 36 meses de contrato.

Terceiro. Multiplícase o resultado do apartado primeiro polo resultado do apartado segundo.

En ningún caso terá carácter subvencionable a indemnización por despido, de ser o caso.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como, de ser o caso, o disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de maio.



4. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 87 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 23. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á algunha entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. Publicidade

As subvencións outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá solicitar a non publicación dos seus datos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. Comunicación de feitos constitutivos de fraude



Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento da Xunta de Galicia, a través da Canle de denuncias da Xunta de Galicia, de comunicación de información en materia de integridade institucional, dispoñible na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Artigo 26. Axudas concedidas baixo as condicións do réxime de minimis

Estas axudas ampáranse, segundo o sector ao que pertencen as persoas empregadoras e empresas beneficiarias e o ámbito da súa actividade, no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 15.12.2023, Serie L), no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE 24.12.2013, L352/9), e no Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE 28.06.2014, L190/45).

A aplicación do réxime de minimis implica que non se poderán superar os seguintes límites máximos.

a) A axuda total de minimis concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2023/2831, non pode ser superior a 300.000 € durante o período dos tres anos previos.

b) A axuda total de minimis concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, non pode ser superior a 50.000 € durante o período dos tres anos previos.

c) A axuda total de minimis concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) nº 717/2014, non pode ser superior a 40.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.



Estes límites máximos aplícanse a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de “única empresa” establecida no artigo 2.2 do Regulamento (UE) nº 2023/2831.

Disposición adicional primeira. *Dispoñibilidade orzamentaria*

A concesión das subvencións queda condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio económico.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas entidades beneficiarias, respecto das resolucións de concesión de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Disposición adicional terceira. *Comunicación á base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) e 17.3.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición final primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións, aclaracións ou interpretacións necesarias para a aplicación, desenvolvemento e cumprimento da presente orde.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*



A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

Asinado por: GONZALEZ VAZQUEZ, JOSE
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 29/12/2025 14:04:45

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificables a través deste código:
CVE: xH0GQH113R1 <https://sede.xunta.gal/cve>

